



**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR Y VALORACION FASE PRIMEIRA (CONCURSO) DO PROCESO SELECTIVO MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ENXENEIRO TÉCNICO/A AGRICOLA, GRUPO DE TITULACIÓN A (Subgrupo A2), ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICO MEDIO, PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.**

Sendo ás 10:45 horas da mañá do día 6 de novembro de 2.018, no Salón de actos do Centro Sociocultural UXIO Novoneyra, sito na Rúa Quiroga Ballesteros nº 1 A, Lugo, reúnese o Tribunal calificador da convocatoria do proceso selectivo mediante o sistema de concurso oposición para a provisión dunha praza en propiedade de Enxeneiro Técnico Agrícola, Grupo de Titulación: A , Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Medio, pertencente ó Cadro de Persoal Funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción intertna, coa asistencia dos seguintes membros do mesmo que se citan a continuación:

**Presidente:** Dona Ana Isabel Saez Mancebo (Técnica do Concello de Lugo).

**Vocales:** Don Pablo Fuentes Failde (Xefe do Servizo de Enxenería).  
Dona Marta Carballal Neira (Técnica do Concello de Lugo).  
Don Manuel Regueiro Sánchez (Adxunto de Servizo)

**Secretario:** Don Justo Díaz Rodríguez (Secretario accidental do Pleno).

**Primero.-** Constituído o Tribunal, a Presidenta da lectura das bases aprobadas por que rixen a convocatoria para o acceso en propiedade da referida praza de Enxeneiro Técnico/a Agrícola, pertencente ó Cadro de Persoal Funcionario do Excmo. Concello de Lugo, que se rixe tanto polas bases específicas aprobadas por acordo nº 9/475 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 26.07.2017 , é en todo o que non estea previsto nas “Bases Xerais para o acceso en propiedade as prazas vacantes pertencentes ó cadro de Funcionarios e Persoal Laboral do Excmo. Concello de Lugo, en Quenda de Promoción Interna”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (BOP de Lugo 7.11.2014).

Fase de concurso: Consiste na valoración dos méritos alegados e acreditados polas persoas aspirantes no momento de presentación das instancias.

Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais anteriormente citadas.

De acordo co establecido nas referidas bases, procédese polo Tribunal a baremación dos méritos alegados polo aspirante, valorando os mesmos da acordo cos criterios recollidos nas citadas bases, co seguinte resultado:

<u>NIF</u>	<u>APELLIDOS E NOME</u>	<u>PUNTUACION TOTAL</u>
33.335.482-H	LÓPEZ FERNÁNDEZ MARCOS	1,74 Puntos.

Tras a valoración dos meritos alegados na fase de concurso procedese acto seguido a realización do primeiro exercicio teórico, consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 90 minutos, dun tema extraído ó chou de entre os comprendidos no temario de materias específicas.

**Segundo.-** O Tribunal acorda que se faga público mediante anuncio na paxina Web e no Taboleiro de anuncios, o resultado das probas e valoración dos méritos alegados polo opositor.

**Terceiro.-** Conceder un prazo de 2 dias naturais (hasta as 13,30 minutos do día 8 de novembro de 2018) dende a publicación na WEB e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo, para presentar alegacións xustificadas a valoración dos meritos efectuada por este Tribunal.

E para que así conste e surta os efectos legais oportunos, se levanta a presente Acta as 13 horas e vinte minutos, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por todos os membros do Tribunal, de cuxo acto este Secretario certifico.

A Presidentando Tribunal.

Asdo.: Ana Isabel Saez Mancebo.

Vocal.

Asdo.: Pablo Fuentes Failde.

Vocal.

Asdo.: Manuel Regueiro Sánchez.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez

Vocal.

Asdo.: Marta Carballal Neira.

